

Diego Currás Rodríguez
Ourense, 1983



**XUNTA
DE GALICIA**

A vocación temperá

Aínda se emociona ao lembrar os solpores nas torres da catedral. Cando a praza do Obradoiro se ía liberando do xentío e só se escoitaba o petar dos canteiros. «Nunca esqueceréi esa sensación», afirma Diego Currás. No seu obradoiro da Telleira, no municipio de Taboadela, non lle falta traballo. Nin proxectos que argallar sobre a pedra.

Sempre tivo claro que quería ser canteiro. Supón que o decidiu de neno naquelas visitas a monumentos e castelos coma o de Monterrei. Só estivo dous meses na Escola de Canteiros de Poio. A perda do seu pai fixo que tivera que botar man da empresa familiar de construción. Autodidacta e cunha grande inquietude, botou dous anos traballando no templo compostelán. Pensaba: «aquí vas deixar o teu selo para a historia. Foi unha viaxe no tempo, algo irrepetible».

Traballou na torre de Xelmírez, nas escaleiras de caracol do ciborio facendo os últimos pasos que faltaban... e nunca esquecerá a pilastra de sete metros de alta que desmontaron na torre sur do Obradoiro.

Tamén é súa a figura dun neno labrego que preside a praza de Pazos da Rabeda. Unha figura inspirada nunha fotografía de Ruth Matilda Anderson. Agora, mentres segue a dar forma ao que pretende ser unha «charca románica», coa feitura dos devanceiros, traballa na restauración de pavimentos nas rúas do seu Ourense natal e na restauración dos farois deseñados por Vázquez Gulías, o referente do modernismo na cidade das Burgas. «A pedra é eterna», di.











A herdanza dos mestres. Detrás da restauración da catedral de Compostela

Traballo realizado por Miguel Souto Alonso

Este proxecto fotográfico realizouse ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 21-22 da Xunta de Galicia

